

A CRISE UNHA GRAN LECCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO COÑECEMENTO E A CREACIÓN DO EMPREGO.

A IMPORTANCIA DA FORMACIÓN NO DESENVOLVEMENTO

*No ano 2020 o 85% dos empregos serán para a poboación con formación
Datos de la OCDE*

Montse Franqueiro Couto
Consultora de Formación y Formadora
Recursos Galicia
Mail: info@formacionytrabajo.com

TEMA: B. Iniciativas emprendedoras innovadoras
Comunicación para a súa publicación en web

A CRISE COMO EMPUXE PARA O CAMBIO. Pero... ¿Que debemos cambiar?

Vivimos durante os anos de falsa bonanza económica nun espellismo onde a premisa laboral era “pan para hoxe e fame para mañá”. Neste contexto permitiuse que os **mozos abandonasen masivamente a súa formación** para dedicarse a traballos de baixa ou nula cualificación pero moi ben remunerados. En consecuencia fomentouse unha **cultura do non pensamento**, favorecendo a comodidade en contra do talento e o noso tecido empresarial foise **descapitalizando de coñecemento** en favor de man de obra barata e flexible.

¿Que ocorre en Galicia? Como comenta Santiago Gómez Fraiz, Decano de Económicas da Universidade de Vigo, a economía durante o seu período expansivo baseouse en actividades de emprego con baixa cualificación, moi centradas no sector servizos e en consecuencia con pouca capacidade de reaxuste fronte ao paro. Polo tanto, neste momento, atopámonos ante un tecido industrial débil, un sector terciario que non xera emprego estable debido á caída do consumo e un gran número de traballadores sen formación certificada ou con experiencia profesional non recoñecida con graves dificultades para a súa reincorporación no mercado laboral.

É agora cando nos atopamos nun punto de inflexión onde alcanzamos a ver aquilo que se fixo mal e por fin somos conscientes da importancia que teñen tanto a **CREACIÓN DE EMPREGO** como a **FORMACIÓN PROFESIONAL** para xerar o cambio e avanzar cara a **INNOVACIÓN**.

1. A CREACIÓN DE EMPREGO

¿Quen crea emprego?

Se se expón como obxectivo a "creación de emprego", xorde lóxicamente a pregunta de quen "crea emprego". Non é o mesmo crear emprego que crear empresa, neste sentido débese reivindicar o protagonismo da clase traballadora na creación de riqueza, desenmascarando a terxiversación que atribúe dita creación ao capital. O traballador cualificado é o suxeito activo no incremento de beneficios e polo tanto e en consecuencia, do aumento da necesidade de máis postos de traballo.

Vemos polo tanto que **a creación de emprego está directamente ligada á cualificación profesional.**

2. A IMPORTANCIA DA CUALIFICACIÓN PROFESIONAL

Competitividade fronte a produtividade

Nunha economía cada vez máis global e interdependente, o **capital humano** eríxese en factor clave para poder **competir con garantía de éxito.**

A Formación Profesional para o Emprego xoga un papel básico no progreso económico e social dos países, xa que para lograr un crecemento económico sostido e unha maior competitividade das empresas, é necesario contar cunha man de obra ben formada e con capacidade de adaptación aos novos escenarios laborais.

¿POR ONDE EMPEZAMOS?

Agora sabendo cales son os nosos deberes atopámonos coa seguinte pregunta ¿Por onde empezar? O problema está que deixamos para mañá o que se debía facer onte e agora temos demasiadas tarefas pendentes.

Débese comezar por **potenciar as accións formativas** que favorezan a medio e longo prazo a innovación tecnolóxica, a cualificación, o emprego autónomo, a economía social, os novos xacementos de emprego, en definitiva a **CREACIÓN DE EMPREGO.**

A NOSA IDEA:

O equipo profesional de **RECURSOS** que conta con consultores expertos na xestión de formación ocupacional con ampla experiencia na dirección,

coordinación e execución de servizos vinculados coa formación e a mellora do desempeño profesional está a poñer en marcha o **Programa De Xornadas sobre os Novos Retos na Formación**, co obxectivo de concienciar e sensibilizar a poboación da **importancia da cualificación profesional**, do **recoñecemento da experiencia laboral** e do que isto supón no aumento da empregabilidade do individuo e da competitividade do país.

As xornadas están dirixidas aos **traballadores e traballadoras** en xeral e especialmente a aqueles **axentes sociais** que interveñen en materia de desenvolvemento local e sociolaboral.

O que se pretende con esta experiencia é a **difusión dos cambios que se están a producir no sistema de formación ocupacional** e que afectan a un número moi elevado de traballadores e traballadoras de Galicia. A día de hoxe non se pode seguir falando dos xacementos de emprego como elementos ancorados e estancos. Pasaron 18 anos da publicación do Libro Branco de Delors e o avance dos traballadores e as traballadoras pasa por análises continuos e estado de revisión permanente; dos cales se derive un **sistema de formación ocupacional inmerso nun proceso cíclico**, de cambio e adaptación ás novas realidades e necesidades.

Neste sentido, a nosa idea é explicar o funcionamento do Instituto Nacional das Cualificacións, de toda a súa organización en canto aos certificados de profesionalidade e transmitir a súa terminoloxía e conceptos, que resultan totalmente descoñecidos e alleos para os traballadores e traballadoras tanto ocupados/as como desempregados/as, pero que sen embargo aféctalles directamente como principais protagonistas do cambio socioeconómica actual.

As xornadas levaranse a cabo en colaboración coas distintas administracións municipais e os departamentos de desenvolvemento local, pois son os axentes que coñecen máis de cerca de realidade sociolaboral, as necesidades dos traballadores e traballadoras e as prioridades formativas da zona.